- 15 representantes de las organizaciones sindicales UGT-Galicia, S.N. de CCOO de Galicia y CIG
- 15 representantes de la judicatura
- 2 fiscales
- 9 representantes de la Inspección de Trabajo y Seguridad Social
- 5 miembros del profesorado de las universidades gallegas
- Directores y/o directoras de las Escuelas de Relaciones Laborales de Galicia
- Representantes de la Administración Pública gallega

Nesta edición contouse cos seguintes participantes:

- 15 representantes da CEG
- 15 representantes das organizacións sindicais UGT-Galicia, S. N. de CCOO de Galicia e CIG
- 15 representantes da xudicatura
- 2 fiscais
- 9 representantes da Inspección de Traballo e Seguridade Social
- 5 membros do profesorado das universidades galegas
- Directores das Escolas de Relacións Laborais de Galicia
- Representantes da Administración Pública Galega





*XII Encontro Galego de Relacións Laborais  
XII Encuentro Gallego de Relaciones Laborales*

El encuentro fue inaugurado por el presidente del Consejo Demetrio Fernández López y la directora general de Relaciones Laborales Pilar Cancela Rodríguez. Según lo acordado por el Pleno del Consejo, el encuentro se organizó en torno a tres mesas de trabajo en las que se trataron los diferentes temas previstos.

Clausuró el encuentro el consejero de Trabajo Ricardo Varela Sánchez, acompañado por la directora general de Relaciones Laborales Pilar Cancela Rodríguez, el presidente del Consejo Demetrio Fernández López, el presidente de la CEG Antonio Fontenla Ramil, el secretario general de CC OO de Galicia Xan M<sup>a</sup> Castro Paz, la secretaria de Organización de UGT-Galicia Irene Martínez Conde y el secretario de institucional de la CIG Bautista Vega Tato.

Se transcriben a continuación las conclusiones de los distintos ponentes de las tres mesas de trabajo.

O encontro foi inaugurado polo presidente do Consello Demetrio Fernández López e a directora xeral de Relacións Laborais Pilar Cancela Rodríguez. Segundo o acordado polo Pleno do Consello, o encontro organizouse en torno a tres mesas de traballo nas que se trataron os diferentes temas previstos.

Clausurou o encontro o conselleiro de Traballo Ricardo Varela Sánchez, acompañado pola directora xeral de Relacións Laborais Pilar Cancela Rodríguez, o presidente do Consello Demetrio Fernández López, o presidente da CEG Antonio Fontenla Ramil, o secretario xeral de CC OO de Galicia Xan M<sup>a</sup> Castro Paz, a secretaria de Organización de UGT-Galicia Irene Martínez Conde e o secretario de institucional da CIG Bautista Vega Tato. O presidente do Consello deu lectura ao resumo do debatido nas distintas mesas, material que foi posto a disposición da Comisión Permanente deste organismo.



■ **UGT-Galicia (Pedro Blanco)**

- Puso en valor el Estatuto como fruto de un consenso social y político así como su utilidad a lo largo de estos años, como instrumento de corrección de la natural desigualdad que se da en las relaciones laborales.
- No obstante, hizo hincapié en la necesidad de que el ET se actualice cara al siglo XXI en materias como: renovar conceptos para adecuarlos a la nueva realidad socioeconómica, contratación a tiempo parcial, lucha contra la precariedad laboral, siniestralidad, y fraccionamiento del proceso productivo entre otras.

■ **SN de CC OO de Galicia (Fernando Escariz)**

- Partiendo del reconocimiento del ET como el armazón normativo que sustenta las relaciones laborales en democracia, hizo un análisis sobre las sucesivas reformas que tuvo esta norma.
- Manifestó que una reforma laboral no se puede llevar a cabo al margen del diálogo, del consenso y de la participación.
- Alertó asimismo sobre los peligros de que las esferas de decisión estén más influidas por condicionantes de índole económica que política en el ámbito social.

■ **CIG (Luis Burgos)**

- Hizo un análisis de la condición política en la gestación del ET, partiendo de una situación inicial de amplio consenso político, si bien con el desacuerdo de una parte importante de los trabajadores/as.
- Destacó el hecho de que el ET constituye una norma básica fundamental pero no un instrumento adecuado para la creación de empleo.
- Puso el acento en el futuro del ET como norma de mínimos mejorada por la negociación colectiva y desarrollada legislativamente por las comunidades autónomas.

■ **CEG (Miguel A. Puime)**

- Realizó el ET como fruto de la concordia y el consenso, vivo ejemplo de concepción negociada de la ley. Esta norma se constituye en el enclave jurídico de obligada referencia en nuestro ordenamiento laboral por su relativa capacidad de adaptación a un cambiante panorama social. Destacadamente la entrada en la UE y el fenómeno de terciarización de la economía.

■ **UGT-Galicia (Pedro Blanco)**

- Puxo en valor o Estatuto como froito dun consenso social e político así como a súa utilidade ao longo destes anos, como instrumento de corrección da natural desigualdade que se da nas relacións laborais.
- Porén fixo fincapé na necesidade de que o ET se actualice cara o século XXI en materias como: renovar conceptos para adecualos á nova realidade socioeconómica, contratación a tempo parcial, loita contra a precariedade laboral, sinistralidade, e fraccionamento do proceso produtivo entre outras.

■ **SN de CC OO de Galicia (Fernando Escariz)**

- Partindo do recoñecemento do ET como a armazón normativa que sustenta as relacións laborais en democracia, fixo unha análise sobre as sucesivas reformas que tivo esta norma.
- Manifestou que unha reforma laboral non se pode levar a cabo a marxe do diálogo, do consenso e da participación.
- Alertou así mesmo sobre os perigos de que as esferas de decisión estean máis influídas por condicionantes de índole económica que política no eido social.

■ **CIG (Luis Burgos)**

- Fixo unha análise da condición política na xestación do ET, partindo dunha situación inicial de amplo consenso político, se ben co desacordo dunha parte importante dos traballadores/as.
- Destacou o feito de que o ET constitúe unha norma básica fundamental pero non un instrumento axeitado para a creación de emprego.
- Puxo o acento no futuro do ET como norma de mínimos mellorada pola negociación colectiva e desenvolvida lexislativamente polas comunidades autónomas.

■ **CEG (Miguel A. Puime)**

- Realzou o ET como froito da concordia e o consenso, vivo exemplo de concepción negociada da lei. Esta norma constitúese no enclave xurídico de obrigada referencia no noso ordenamento laboral pola súa relativa capacidade de adaptación a un cambiante panorama social. Sinaladamente a entrada na UE e o fenómeno de terciarización da economía.



- Hizo constar la necesidad de mayor flexibilidad que permita una respuesta ágil a las demandas del actual sistema económico.
- Valoró que la actual configuración de la negociación colectiva actúa como freno en esa flexibilización.
- Propuso la supresión de cierto intervencionismo público carente de justificación en el ámbito organizativo de la empresa.
- Hay que avanzar en la búsqueda de un nuevo equilibrio entre flexibilidad y seguridad a través del diálogo social.
- Finalizó indicando que el ET debe constituir un instrumento útil y eficaz no mereciendo más reformas parciales sino abordarlo de un modo más global e integrador.

#### ■ Inspección de Trabajo (José M<sup>a</sup> Casas de Ron)

- Analizó la evolución del ET vinculándolo con la función propia de la Inspección de Trabajo.
- Hizo hincapié en la necesidad de una mayor presencia y participación de los agentes sociales en la organización y planificación de la actividad inspectora a todos los niveles.
- La realidad actual demanda una Inspección de Trabajo integral con más medios y que pueda intensificar su actuación en la pequeña empresa.

#### ■ Universidad (Jesús Martínez Girón)

- Centró su intervención en el envejecimiento y reiterado incumplimiento de aspectos de esta norma, concretamente echó en falta referencias a nuevas tecnologías, a la regulación de microempresas, y que no se recoja ninguna referencia a los grupos de empresa en el título III.
- Asimismo destacó el incumplimiento de los sucesivos gobiernos de la obligación establecida en la Disposición Adicional 8<sup>o</sup> de la norma de creación de un código de trabajo que recopile, ordene, sistematice y oficialice todas las leyes y reglamentos vigentes.

#### ■ Universidad (Lourdes Mella)

- Analizó la evolución de la Disposición Adicional 10<sup>o</sup> en lo que se refiere a la jubilación forzosa pactada en convenios colectivos, centrando de una forma clara y rotunda la solución a una materia hasta ahora imprecisa.

#### ■ Judicatura (Emilio Fernández de Mata)

- Recogió la evolución restrictiva de los mínimos de derecho necesario fruto de las sucesivas reformas. Resaltó la regulación insuficiente de la subrogación y sucesión empresarial, centrando asimismo parte de su intervención en la problemática derivada de la adaptación de la jornada del personal al que se le aplica el marco estatutario.

- Fixo constar a necesidade de maior flexibilidade que permita unha resposta áxil ás demandas do actual sistema económico.
- Valorou que a actual configuración da negociación colectiva actúa como freo nesa flexibilización.
- Propuxo a supresión de certo intervencionismo público carente de xustificación no ámbito organizativo da empresa.
- Hai que avanzar na busca dun novo equilibrio entre flexibilidade e seguridade a través do diálogo social.
- Finalizou indicando que o ET debe constituir un instrumento útil e eficaz non merecendo máis reformas parciais senón abordalo dun xeito máis global e integrador.

#### ■ Inspección de Trabajo (José M<sup>a</sup> Casas de Ron)

- Analizou a evolución do ET vinculándoo coa función propia da Inspección de Trabajo.
- Fixo fincapé na necesidade dunha maior presenza e participación dos axentes sociais na organización e planificación da actividade inspectora a todos os niveis.
- A realidade actual demanda unha Inspección de Trabajo integral con máis medios e que poida intensificar a súa actuación na pequena empresa.

#### ■ Universidade (Jesús Martínez Girón)

- Centrou a súa intervención no envellecemento e reiterado incumprimento de aspectos desta norma, concretamente botou en falta referencias a novas tecnoloxías, á regulación de microempresas, e que non se recolla ningunha referencia aos grupos de empresa no título III.
- Así mesmo destacou o incumprimento dos sucesivos gobernos da obriga establecida na Disposición Adicional 8<sup>o</sup> da norma de creación dun código de traballo que recompila, ordene, sistematice e oficialice todas as leis e regulamentos vixentes.

#### ■ Universidade (Lourdes Mella)

- Analizou a evolución da Disposición Adicional 10<sup>o</sup> no que atinxe á xubilación forzosa pactada en convenios colectivos, centrando dunha forma clara e rotunda a solución a unha materia ata o de agora imprecisa.

#### ■ Xudicatura (Emilio Fernández de Mata)

- Recolleu a evolución restrictiva dos mínimos de dereito necesario froito das sucesivas reformas. Resaltou a regulación insuficiente da subrogación e sucesión empresarial, centrando así mesmo parte da súa intervención na problemática derivada da adaptación da xornada do persoal o que se lle aplica o marco estatutario.

#### ■ Administración (Carmen Rodríguez)

- Hizo un balance positivo de la norma. Valoró que concurren las circunstancias necesarias para una nueva reforma que contemple los siguientes aspectos: integración de la mujer en el mercado laboral, consideración debida y derechos de los inmigrantes, integración laboral de las personas dependientes.
- Apostó por más calidad del empleo y aumentar la responsabilidad social de las empresas y las nuevas formas de participación.

#### ■ Administración (Carmen Rodríguez)

- Fixo un balance positivo da norma. Valorou que concorren as circunstancias necesarias para unha nova reforma que contemple os seguintes aspectos: integración da muller no mercado laboral, consideración debida e dereitos dos inmigrantes, integración laboral das persoas dependentes.
- Apostou por mais calidade do emprego e aumentar a responsabilidade social das empresas e as novas formas de participación.



*Participantes no XIII Encontro Galego de Relacións Laborais*  
*Participantes en el XIII Encontro Galego de Relaciones Laborales*

## MESA 2ª: PERSPECTIVAS, RESULTADOS Y CONSECUENCIAS DEL DIÁLOGO SOCIAL

### ■ UGT (Eladio Romero)

- Analizó el diálogo social abierto a nivel estatal valorando de modo negativo la última propuesta hecha por la patronal.
- Consideró como necesario un mayor compromiso por parte de los empresarios que se materialice en una mayor disposición negociadora.
- Puso el acento en la importancia de avanzar en la reducción de la precariedad, la creación de un empleo de calidad y una mayor cualificación de la mano de obra.

### ■ CC OO (Eusebio Justo)

- Valoró el diálogo social como elemento estratégico en las relaciones laborales, en la maduración política, en la articulación democrática y en el desarrollo institucional del país.
- Expresó el deseo de que el proceso que se abre en Galicia discurra por cauces positivos y supere tristes y frustrantes experiencias del pasado.
- Asimismo, centró los cuatro ejes necesarios de negociación en:
  - Reducción de temporalidad y erradicación de precariedad.
  - Supresión de elementos perversos de la subcontratación en cadena.
  - Más y mejores políticas de igualdad entre hombres y mujeres.
  - Potenciar la protección ante la falta de empleo.

### ■ CIG (Bautista Vega)

- Puso de manifiesto la necesidad de que el diálogo social en Galicia pase ya de lo abstracto a lo concreto, recogiendo toda una batería de medidas necesarias.
- Resaltó la importancia de reclamar la transferencia de la competencia en materia de legislación laboral que nos permita la plena capacidad de decisión sobre el contenido y características de las relaciones laborales de Galicia.

### ■ CEG (Javier Martínez López)

- Centró su intervención en analizar el proceso de diálogo social estatal. Partiendo desde los años 70, resaltando su papel en la transición española. Elogió el papel jugado por los agentes sociales en ese proceso y momento histórico.
- Puso de manifiesto el cambio de cultura en las organizaciones empresariales y sindicales que pasaron de una perspectiva de confrontación a una de concertación y cooperación.

## MESA 2ª: PERSPECTIVAS, RESULTADOS E CONSECUENCIAS DO DIÁLOGO SOCIAL

### ■ UGT-Galicia (Eladio Romero)

- Analizou o diálogo social aberto a nivel estatal valorando de xeito negativo a última proposta feita pola patronal.
- Considerou como necesario un maior compromiso por parte dos empresarios que se materialice nunha maior disposición negociadora.
- Puxo o acento na importancia de avanzar na redución da precariedade, a creación dun emprego de calidade e unha maior cualificación da man de obra.

### ■ SN de CC OO (Eusebio Justo)

- Valorou o diálogo social como elemento estratéxico nas relacións laborais, na maduración política, na articulación democrática e no desenvolvemento institucional do país.
- Expresou o desexo de que o proceso que se abre en Galicia discurra por canles positivos e supere tristes e frustrantes experiencias do pasado.
- Así mesmo, centrou os catro eixes necesarios de negociación en:
  - Redución de temporalidade e erradicación de precariedade.
  - Supresión de elementos perversos da subcontratación en cadea.
  - Máis e mellores políticas de igualdade entre homes e mulleres.
  - Potenciar a protección ante a falla de emprego.

### ■ CIG (Bautista Vega)

- Puxo de manifesto a necesidade de que o diálogo social en Galicia pase xa do abstracto ao concreto, recollendo toda unha batería de medidas necesarias.
- Resaltou a importancia de reclamar a transferencia da competencia en materia de lexislación laboral que nos permita a plena capacidade de decisión sobre o contido e características das relacións laborais de Galicia.

### ■ CEG (Javier Martínez López)

- Centrou a súa intervención en analizar o proceso de diálogo social estatal. Partindo desde os anos 70, resaltando o seu papel na transición española. Eloxíu o papel xogado polos axentes sociais nese proceso e momento histórico.
- Puxo de manifesto o cambio de cultura nas organizacións empresariais e sindicais que pasaron dunha perspectiva de confrontación a unha de concertación e cooperación.

#### ■ CEG (Javier García Ruiz)

- Se centró en la concertación social en Galicia, haciendo un repaso ejemplar de la evolución de las actitudes de concertación en los últimos 25 años.
- Señaló tres grandes hitos en las relaciones laborales gallegas como son: la creación del Consejo Gallego de Relaciones laborales en 1988, el nacimiento del AGA en 1992 y la reciente declaración institucional por el diálogo social firmada el 5 de noviembre pasado.
- Como tareas a llevar a cabo en un futuro inmediato antepuso entre otras muchas la necesidad de reformar la Ley del Consejo y evolucionar en la regulación del AGA

#### ■ Inspección de Trabajo (Carlos Domenech)

- Ofreció desinteresadamente el máximo apoyo en tanto a la participación de la inspección de trabajo de acuerdo con sus funciones en el proceso de diálogo social si así se le demanda.
- Comprometió asimismo adaptar los objetivos de este cuerpo a los acuerdos que se alcancen.

#### ■ Universidad (Pedro Rabanal)

- Hizo un análisis crítico de los 13 puntos que a su juicio constituyen el cuerpo del diálogo social estatal.
- Si bien es cierto que antepuso el consenso y el diálogo como elementos definitorios, también abogó por la obligación de que quien ostenta los poderes públicos aborde soluciones con o sin consenso plausible.

#### ■ Administración (Pilar Cancela)

- Destacó el papel protagonista que desempeñan los agentes sociales ante los nuevos tiempos políticos.
- Fijó como objetivo central del proceso negocial alcanzar un empleo estable, digno y de calidad.
- Abundó en aspectos como: formación, modernización de las estructuras socioeconómicas y el impulso a las políticas de igualdad.

#### ■ CEG (Javier García Ruiz)

- Centrouse na concertación social en Galicia, facendo un repaso exemplar da evolución das actitudes de concertación nos últimos 25 anos.
- Sinalou tres grandes fitos nas relacións laborais galegas como son: a creación do Consello Galego de Relacións Laborais en 1988, o nacemento do AGA en 1992 e a recente declaración institucional polo diálogo social asinada o 5 de novembro pasado.
- Como tarefas a desenvolver nun futuro inmediato antepuxo entre outras moitas a necesidade de reformar a Lei do Consello e evolucionar na regulación do AGA

#### ■ Inspección de Traballo (Carlos Domenech)

- Ofreceu desinteresadamente o máximo apoio en tanto á participación da inspección de traballo de acordo coas súas funcións no proceso de diálogo social se así se lle demanda.
- Comprometeu así mesmo adaptar os obxectivos deste corpo aos acordos que se alcancen.

#### ■ Universidade (Pedro Rabanal)

- Fixo unha análise crítica dos 13 puntos que ao seu xuízo constitúen o corpo do diálogo social estatal.
- Se ben é certo que antepuxo o consenso e o diálogo como elementos definitorios, tamén avogou pola obriga de que quen ostenta os poderes públicos aborde solucións con ou sen consenso plausible.

#### ■ Administración (Pilar Cancela)

- Destacou o papel protagonista que desenvolven os axentes sociais diante de novos tempos políticos.
- Fixou como obxectivo central do proceso negocial acadar un emprego estable, digno e de calidade.
- Abondou en aspectos como: formación, modernización das estruturas socioeconómicas e o impulso ás políticas de igualdade.





**MESA 3ª:**  
**EFFECTOS SOCIOLABORALES Y RESPUESTAS**  
**FRENTE A LA DESLOCALIZACIÓN**

■ **UGT-Galicia (José Carlos Rodríguez del Río)**

- Analizó el concepto y las clases de deslocalización así como los motivos principales y sus repercusiones, principalmente la movilidad de los trabajadores/as, los despidos, y la pérdida de empleo.
- Asimismo, abordó las medidas que se pueden adoptar:
  - Desde el punto de vista empresarial, sindical y de la Administración.
  - Proponer medidas alternativas a la deslocalización (calidad, investigación, formación, etc.), así como la adopción de estrategias conjuntas entre sindicatos diferentes.

■ **CC OO (Maica Bouza)**

- Desde CC OO asimismo se hizo referencia al concepto como versión negativa de un concepto más amplio: la localización de la empresa y de las inversiones, haciendo hincapié en la causa de la inversión de las tendencias que hacen que España y Galicia dejen de ser destino de inversiones para pasar a sufrir las consecuencias de la deslocalización.
- Identificó en Galicia, como sectores de más alto riesgo de sufrir el proceso, la industria alimentaria, confección textil, construcción de grandes buques, madera y piedra.
- Concluyó con propuestas para hacerle frente a la deslocalización haciendo hincapié en la necesidad de alcanzar un acuerdo entre la Junta de Galicia, los empresarios y los sindicatos sobre el sector industrial y las políticas sectoriales necesarias, implantando observatorios en los sectores con mayor peligro de deslocalización.

■ **CIG (Fernando Acuña)**

- Descartó que los bajos salarios sean la principal causa de deslocalización poniendo de manifiesto que la amenaza de la misma no puede conllevar la degradación de las condiciones laborales de los trabajadores/as.
- Puso como posibles medidas las siguientes:
  - Política industrial activa que se anticipe a los acontecimientos.
  - Inversión de recursos públicos en objetivos estratégicos y selectivos.
  - Fomento de una cultura social y ecológica de la población relacionando la valoración de los productos con la responsabilidad social de las empresas.

**MESA 3ª:**  
**EFFECTOS SOCIOLARAI E RESPPOSTAS**  
**FRONTE Á DESLOCALIZACIÓN**

■ **UGT-Galicia (José Carlos Rodríguez del Río)**

- Analizou o concepto e as clases de deslocalización así como os motivos principais e as súas repercusións, principalmente a mobilidade dos traballadores/as, os despedimentos, e a perda de emprego.
- Así mesmo, abordou as medidas que se poden adoptar:
  - Desde o punto de vista empresarial, sindical e da Administración.
  - Proponer medidas alternativas á deslocalización (calidade, investigación, formación, etc.), así como a adopción de estratexias conxuntas entre sindicatos diferentes.

■ **SN de CC OO (Maica Bouza)**

- Desde CC OO así mesmo fíxose referencia ao concepto como versión negativa dun concepto máis amplo: a localización da empresa e dos investimentos, facendo fincapé na causa da inversión das tendencias que fan que España e Galicia deixen de ser destino de inversións para pasar a sufrir as consecuencias da deslocalización.
- Identificou en Galicia, como sectores de máis alto risco de sufriren o proceso, a industria alimentaria, confección téxtil, construción de grandes buques, madeira e pedra.
- Concluíu con propostas para facerlle fronte á deslocalización facendo fincapé na necesidade de acadar un acordo entre a Xunta de Galicia, os empresarios e os sindicatos sobre o sector industrial e as políticas sectoriais necesarias, implantando observatorios nos sectores con maior perigo de deslocalización.

■ **CIG (Fernando Acuña)**

- Descartou que os baixos salarios sexan a principal causa de deslocalización poñendo de manifesto que a ameaza da mesma non pode conlevar a degradación das condicións laborais dos traballadores/as.
- Puxo como posibles medidas as seguintes:
  - Política industrial activa que se anticipe aos acontecementos.
  - Investimento de recursos públicos en obxectivos estratéxicos e selectivos.
  - Fomento dunha cultura social e ecolóxica da poboación relacionando a valoración dos produtos coa responsabilidade social das empresas.



#### ■ CEG (José Antonio Neira)

- Los procesos de deslocalización derivan de estrategias de desarrollo empresarial que tienden a centrarse en los procesos que aportan mayor valor añadido externalizando el resto.
- Actualmente asistimos al inicio de una progresiva internacionalización de los servicios que permiten los actuales avances tecnológicos. Asimismo, para evaluar el riesgo de deslocalización no basta con tener en cuenta la procedencia del capital sino también el rol o posición de la estructura productiva en la estrategia global de la empresa transnacional.
- Destacó que en Galicia el fenómeno no es preocupante, excepto en el sector textil, dado que por desgracia la presencia de multinacionales es mucho mayor, si bien hay que estar atentos a fomentar la creación de clusters.
- Galicia no puede basar su competitividad en un modelo de costes salariales bajos, sino que tiene que avanzar en un nuevo paradigma de competitividad basado en el conocimiento, en la innovación, en el capital humano, en la flexibilidad y en la adaptación.

#### ■ CEG (José Antonio Neira)

- Os procesos de deslocalización derivan de estratexias de desenvolvemento empresarial que tenden a centrarse nos procesos que aportan maior valor engadido externalizando o resto.
- Actualmente asistimos ao inicio dunha progresiva internacionalización dos servizos que permiten os actuais avances tecnolóxicos. Así mesmo, para avaliar o risco de deslocalización non basta con ter en conta a procedencia do capital senón tamén o rol ou posición da estrutura productiva na estratexia global da empresa transnacional.
- Salientou que en Galicia o fenómeno non é preocupante, agás no sector téxtil, dado que por desgraza a presenza de multinacionais é moito maior, se ben hai que estar atentos a fomentar a creación de clusters.
- Galicia non pode basear a súa competitividade nun modelo de custos salariais baixos, senón que ten que avanzar nun novo paradigma de competitividade baseado no coñecemento, na innovación, no capital humano, na flexibilidade e na adaptación.



*Participantes no XIII Encontro Galego de Relacións Laborais*  
*Participantes en el XIII Encuentro Gallego de Relaciones Laborales*



#### ■ Inspección de Trabajo (Manuel Teijeiro)

- Efectuó un exhaustivo análisis sobre los efectos de la ampliación de la UE sobre la estructura empresarial en nuestro país y particularmente en el empleo industrial, e hizo un desglose por sectores económicos especialmente sensibles.

#### ■ Administración (Pastor Fuenteseca)

- Hizo un análisis sobre los factores de localización industrial principalmente recursos naturales, comunicaciones, mercados y factores políticos.
- Destacó la injusticia que supone el predominio del factor económico sobre otros factores de índole social y cultural.
- Apostó por el fortalecimiento de realidades políticas como la UE y organismos internacionales con capacidad de incidencia en la ordenación de la economía mundial.

#### ■ Universidad (Jaime Cabeza)

- Se preguntó si la dinámica actual de relaciones laborales cumple adecuadamente y de una manera ágil los requerimientos de los interlocutores sociales y con el necesario equilibrio entre flexibilidad y calidad del trabajo.
- Descartó la normativa como un factor decisivo en la localización de centros de trabajo y puso en valor la implicación de los trabajadores/as en la empresa.

#### ■ Judicatura (Fernando Lousada Arochena)

- Comenzó analizando la deslocalización productiva y los mecanismos de prevención del dumping social y señalando que la lucha contra las manifestaciones del mismo contrarias a los derechos fundamentales de los trabajadores/as es una manera de prevenir una deslocalización abusiva con la finalidad de la explotación laboral.
- Destacó las posibilidades de actuación desde los países de origen para evitar la explotación laboral en los países de destino y puso en valor la presión sindical y su capacidad de incisión sobre la política comercial.

#### ■ Inspección de Trabajo (Manuel Teijeiro)

- Efectuou unha exhaustiva análise sobre os efectos da ampliación da UE sobre a estrutura empresarial no noso país e particularmente no emprego industrial, e fixo un desagregación por sectores económicos especialmente sensibles.

#### ■ Administración (Pastor Fuenteseca)

- Fixo un análise sobre os factores de localización industrial sinaladamente recursos naturais, comunicacións, mercados e factores políticos.
- Salientou a inxustiza que supón o predominio do factor económico sobre outros factores de índole social e cultural.
- Apostou polo fortalecemento de realidades políticas coma a UE e organismos internacionais con capacidade de incidencia na ordenación da economía mundial.

#### ■ Universidade (Jaime Cabeza)

- Preguntouse se a dinámica actual de relacións laborais cumpre axeitadamente e dunha maneira áxil os requirimentos dos interlocutores sociais e co necesario equilibrio entre flexibilidade e calidade do traballo.
- Descartou a normativa como un factor decisivo na localización de centros de traballo e puxo en valor a implicación dos traballadores/as na empresa.

#### ■ Xudicatura (Fernando Lousada Arochena)

- Comezou analizando a deslocalización productiva e os mecanismos de prevención do dumping social e sinalando que a loita contra as manifestacións do mesmo contrarias aos dereitos fundamentais dos traballadores/as é unha maneira de previr unha deslocalización abusiva coa finalidade da explotación laboral.
- Destacou as posibilidades de actuación desde os países de orixe para evitar a explotación laboral nos países de destino e puxo en valor a presión sindical e a súa capacidade de incisión sobre a política comercial.



# Renovación do Convenio coa Universidade de Santiago de Compostela: Curso Superior de Relacións Laborais



*Inauguración do XV Curso Superior de Relacións Laborais  
Inauguración del XV Curso Superior de Relaciones Laborales*

Consello Galego de Relacións Laborais





*Clausura do XIV Curso Superior de Relacións Laborais  
Clausura del XIV Curso Superior de Relaciones Laborales*

## RENOVACIÓN DEL CONVENIO CON LA UNIVERSIDAD DE SANTIAGO: CURSO SUPERIOR DE RELACIONES LABORALES

El 29 de julio de 2005 el presidente del Consejo, Demetrio Fernández López y el rector de la Universidad de Santiago de Compostela, Senén Barro Ameneiro, firman el décimo quinto convenio de colaboración entre ambas instituciones. El convenio tiene por objeto, como viene siendo habitual, la realización del Curso Superior de Relaciones Laborales.

El curso fue inaugurado el 16 de septiembre de 2005 por el consejero de Trabajo Ricardo Varela Sánchez. Asistieron al acto, celebrado en el Salón Noble del Palacio de Fonseca, además del presidente y la secretaria del Consejo, el secretario general de la Universidad de Santiago Joaquín Rodríguez-Toubes Muñiz, la directora general de Relaciones Laborales Pilar Cancela Rodríguez y el director del curso Javier Gárate Castro. También estuvieron presentes los profesores de la sesión inaugural, Efrén Borrajo Dacruz y Luis Enrique de la Villa Gil, que dieron comienzo, un año más, a las sesiones académicas del curso.

**Objetivos:** cubrir la demanda de la sociedad gallega de enseñanzas del más alto nivel en el ámbito de las relaciones laborales así como promover, en un mercado cada vez más competitivo, la adaptación de la

## RENOVACIÓN DO CONVENIO COA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO: CURSO SUPERIOR DE RELACIÓN LABORAIS

O 29 de xullo de 2005 o presidente do Consello, Demetrio Fernández López e o reitor da Universidade de Santiago de Compostela, Senén Barro Ameneiro, asinan o décimo sexto convenio de colaboración entre ambas institucións. O convenio ten por obxecto, como ven sendo habitual, a realización do Curso Superior de Relacións Laborais.

O curso foi inaugurado o 16 de setembro de 2005 polo conselleiro de Traballo Ricardo Varela Sánchez. Asistiron ao acto, celebrado no Salón Nobre do Pazo de Fonseca, ademais do presidente e a secretaria do Consello, o secretario xeral da Universidade de Santiago Joaquín Rodríguez-Toubes Muñiz, a directora xeral de Relacións Laborais Pilar Cancela Rodríguez e o director do curso Javier Gárate Castro. Tamén estiveron presentes os profesores da sesión inaugural, Efrén Borrajo Dacruz e Luís Enrique de la Villa Gil, que deron comezo, un ano máis, ás sesións académicas do curso.

**Obxectivos:** cubrir a demanda da sociedade galega de ensinanzas do máis alto nivel no eido das relacións laborais así como promover, nun mercado cada vez máis competitivo, a adaptación da xestión das empresas ao novo estilo de dirección de persoal que marca a política de recursos humanos, ana-



gestión de las empresas al nuevo estilo de dirección de personal que marca la política de recursos humanos, analizando los cambios que desde 1994 se vienen produciendo en la legislación laboral y que afectan, además de al mercado de trabajo, a la negociación colectiva, a la representación de los trabajadores/as en la empresa, a la seguridad social y a la seguridad e higiene en el trabajo, sin olvidar la incidencia que en nuestra legislación está teniendo el derecho social comunitario.

**Destinatarios:** el curso se dirige, principalmente, a cuantos pretenden una formación y/o actualización en las materias laborales en general, y es especialmente adecuado para licenciados/as en Derecho, Ciencias Económicas y Empresariales; diplomados/as en Relaciones Laborales; responsables de Recursos Humanos y de Relaciones Laborales, asesores y cuadros de las organizaciones empresariales y sindicales, etc.

**Desarrollo:** con una duración de 200 horas, el curso está teniendo lugar en la Facultad de Derecho de la Universidad de Santiago de Compostela, en horario de tarde, previéndose su clausura para el día 16 de marzo de 2006. Asisten 53 personas, 24 de las cuales fueron seleccionadas por las organizaciones presentes en el Consejo, doce a propuesta de la CEG y los otros doce a propuesta de las organizaciones sindicales CIG, SN de CCOO y UGT-Galicia.

lizando os cambios que desde 1994 se veñen producindo na lexislación laboral e que afectan, ademais de ao mercado de traballo, á negociación colectiva, á representación dos traballadores/as na empresa, á seguridade social e á seguridade e hixiene no traballo, sen esquecer a incidencia que na nosa lexislación está a ter o dereito social comunitario.

**Destinatarios:** diríxese o curso, principalmente, a cantos pretenden unha formación e/ou actualización nas materias laborais en xeral, e é especialmente axeitado para licenciados/as en Dereito, Ciencias Económicas e Empresariais; diplomados/as en Relacións Laborais; responsables de Recursos Humanos e de Relacións Laborais, asesores e cadros das organizacións empresariais e sindicais, etc.

**Desenvolvemento:** cunha duración de 200 horas, o curso estase a desenvolver na Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela, en horario de tarde; a súa clausura está prevista para o día 16 de marzo de 2006. Asisten 52 persoas, 24 das cales foron seleccionadas polas organizacións presentes no Consello, doce a proposta da CEG e doce a proposta das organizacións sindicais CIG, SN de CCOO e UGT-Galicia.



*Clausura do XIV Curso Superior de Relacións Laborais*  
*Clausura del XIV Curso Superior de Relaciones Laborales*



**Contenido:** la estructuración del curso se hizo en módulos en los que se tratarán los siguientes temas: política y gestión integrada de los recursos humanos; relación individual de trabajo; relaciones colectivas de trabajo; derecho administrativo del trabajo, salud laboral y derecho penal del trabajo; seguridad social y derecho social comunitario.

El equipo docente está compuesto por profesorado de las diferentes universidades españolas, así como por profesionales de la judicatura, la abogacía, la Administración y la gestión de recursos humanos.

Las y los alumnos del curso participaron durante dos días en un “taller de negociación colectiva”, dirigido por OBZ Management Consulting.

Además, las y los participantes en el curso realizarán visitas a las instalaciones de empresas significativas de esta comunidad autónoma.

La participación institucional del Consejo en este curso superior consistirá en dos mesas redondas; en una de ellas, se presentará el Informe sobre la situación sociolaboral de la Comunidad Autónoma Gallega en 2004, con la participación de los autores del mismo; en la otra, se contará con la intervención de los agentes sociales con presencia en el Consejo.

Dirige el curso, como viene siendo habitual, el catedrático de Derecho del Trabajo de la Universidad de Santiago, Javier Gárate Castro. De la coordinación técnica se hizo cargo la funcionaria del Consejo Pitusa Pena Babío, en calidad de secretaria técnica del curso.

**Contido:** a estruturación do curso fíxose en módulos nos que se tratarán os seguintes temas: política e xestión integrada dos recursos humanos; relación individual de traballo; relacións colectivas de traballo; dereito administrativo do traballo, saúde laboral e dereito penal do traballo; seguridade social e dereito social comunitario.

O equipo docente está composto por profesorado das diferentes universidades españolas, así como por profesionais da xudicatura, a avogacía, a Administración e a xestión de recursos humanos.

As e os alumnos do curso participaron durante dous días nun “taller de negociación colectiva”, dirixido por OBZ Management Consulting.

Ademais, as e os participantes no curso realizarán visitas ás instalacións de empresas significativas desta comunidade autónoma.

A participación institucional do Consello neste curso superior consistirá en diversas mesas redondas; nunha delas, presentarase o Informe sobre a situación sociolaboral da Comunidade Autónoma Galega en 2004, coa participación dos autores do mesmo; na outra, contarase coa intervención dos axentes sociais con presenza no Consello.

Dirixe o curso, como ven sendo habitual, o catedrático de Dereito do Traballo da Universidade de Santiago, Javier Gárate Castro. Da coordinación técnica fíxose cargo a funcionaria do Consello Pitusa Pena Babío, en calidade de secretaria técnica do curso.





*Xornada sobre orientación actual da negociación colectiva en Vigo*  
*Jornada sobre orientaciones actuales de la negociación colectiva en Vigo*

- Actividad:  
Jornadas sobre orientaciones actuales de la negociación colectiva
- Lugar y fecha: Vigo, 12 y 13 de mayo
- N° de participantes: 137

La dirección de las jornadas estuvo a cargo de Jaime Cabeza Pereiro, catedrático de Derecho del Trabajo de la Universidad de Vigo y de Demetrio Fernández López presidente del Consejo, que participaron también como relatores. Asimismo, intervinieron Juan Fernández Domínguez, catedrático de Derecho del Trabajo de la Universidad de León; Remedios Roqueta Buj, catedrática de Derecho del Trabajo de la Universidad de Islas Baleares; Tomás Sala Franco, catedrático de Derecho del Trabajo de la Universidad de Valencia; Wilfredo Sanguinetti Raymond, profesor de Derecho del Trabajo de la Universidad de Salamanca; Carmen Sáez Lara, catedrática de Derecho del Trabajo de la Universidad de Córdoba; José M<sup>a</sup> Casas de Ron, jefe provincial de la Inspección de Trabajo y Seguridad Social de Pontevedra; y Javier Gárate Castro, catedrático de Derecho del Trabajo de la Universidad de Santiago. La clausura contó con la presencia del rector de la Universidad de Vigo, Domingo Docampo Amoedo y la consejera de Asuntos Sociales, Empleo y Relaciones Laborales Belén Prado Sanjurjo.

Consello Galego de Relacións Laborais

- Actividade:  
Xornadas sobre orientación actual da negociación colectiva
- Lugar e data: Vigo, 12 e 13 de maio
- N° de participantes: 137

A dirección das xornadas estivo a cargo de Jaime Cabeza Pereiro, catedrático de Dereito do Traballo da Universidade de Vigo e de Demetrio Fernández López presidente do Consello, que participaron tamén como relatores. Así mesmo, interviñeron Juan Fernández Domínguez, catedrático de Dereito do Traballo da Universidade de León; Remedios Roqueta Buj, catedrática de Dereito do Traballo da Universidade de Illas Baleares; Tomás Sala Franco, catedrático de Dereito do Traballo da Universidade de Valencia; Wilfredo Sanguinetti Raymond, profesor de Dereito do Traballo da Universidade de Salamanca; Carmen Sáez Lara, catedrática de Dereito do Traballo da Universidade de Córdoba; José M<sup>a</sup> Casas de Ron, xefe provincial da Inspección de Traballo e Seguridade Social de Pontevedra; e Javier Gárate Castro, catedrático de Dereito do Traballo da Universidade de Santiago. A clausura contou coa presenza do reitor da Universidade de Vigo, Domingo Docampo Amoedo e a conselleira de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais Belén Prado Sanjurjo.



*Xornada novos retos da muller na sociedade e no mercado laboral, en Santiago de Compostela*  
*Jornada nuevos retos de la mujer en la sociedad y en el mercado laboral, en Santiago de Compostela*

- Actividad:  
Jornada sobre los nuevos retos de la mujer en la sociedad y en el mercado laboral
- Lugar y fecha: Santiago de Compostela, 7 y 8 de julio
- N° de participantes: 103

- Actividade:  
Xornadas sobre os novos retos da muller na sociedade e no mercado laboral
- Lugar e data: Santiago de Compostela, 7 e 8 de xullo
- N° de participantes: 103

Las jornadas fueron dirigidas por la secretaria del Consejo Marisa Peña Cebreiro. Se contó con la participación como relatores de Rosa Cobo Bedia, profesora de Sociología en la Universidad de A Coruña; Rita Radl Philipp, profesora de Sociología de la Educación en la Universidad de Santiago; Emilio Fernández de Mata, magistrado-juez de la Sala del juzgado de lo Social de Santiago; Ana Isabel Mariño Baamonde, inspectora de Trabajo de Pontevedra; Jaime Cabeza Pereiro, catedrático de Derecho del Trabajo de la Universidad de Vigo; Teresa Pérez del Río, profesora de Derecho del Trabajo de la Universidad de Cádiz; y Celia Pereira Porto, doctora en Derecho e investigadora de la Universidad de A Coruña. Al término de las jornadas hubo una mesa redonda en la que participaron representantes de los agentes sociales de Galicia.

As xornadas foron dirixidas pola secretaria do Consello Marisa Peña Cebreiro. Contouse coa participación como relatores de Rosa Cobo Bedia, profesora de Socioloxía na Universidade da Coruña; Rita Radl Philipp, profesora de Socioloxía da Educación na Universidade de Santiago; Emilio Fernández de Mata, maxistrado-xuíz da Sala do xulgado do Social de Santiago; Ana Isabel Mariño Baamonde, inspectora de Traballo de Pontevedra; Jaime Cabeza Pereiro, catedrático de Dereito do Traballo da Universidade de Vigo; Teresa Pérez del Río, profesora de Dereito do Traballo da Universidade de Cádiz; e Celia Pereira Porto, doutora en Dereito e investigadora da Universidade da Coruña. Ao final das xornadas houbo unha mesa redonda na que participaron representantes dos axentes sociais de Galicia.



*Xornada sobre propostas e medidas fronte á siniestralidade laboral, en Santiago de Compostela*  
*Jornada sobre propuestas y medidas frente a la siniestralidad laboral, en Santiago de Compostela*

- Actividad:  
Jornada sobre propuestas y medidas frente a la siniestralidad laboral
- Lugar y fecha: Santiago de Compostela,  
23 de septiembre
- N° de participantes: 48

La dirección de la jornada la llevo a cabo Marisa Peña, secretaria del Consejo y participaron representantes de los agentes sociales de Galicia, así como de la Inspección de Trabajo, de la Fiscalía, de la Judicatura y de la Administración. La primera parte de la jornada consistió en intervenciones de 10 minutos por parte de un representante de cada colectivo, para pasar a continuación al oportuno debate.

- Actividade:  
Xornada sobre propostas e medidas fronte á siniestralidade laboral
- Lugar e data: Santiago de Compostela, 23 de setembro
- N° de participantes: 48

